



# O COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO

Instrucións e exemplos

## DESCRIPCIÓN BREVE

Preséntanse as instrucións de realización dun comentario de texto filosófico, detallando as distintas partes que debe conter o mesmo e os criterios que se terán en conta para avalialo. Finalmente preséntanse exemplos ilustrativos de comentarios con diferentes cualificacións e estilos

David Espasandín

2º de Bacharelato / Historia da Filosofía

## Contido

|                                           |    |
|-------------------------------------------|----|
| 1. Estrutura do comentario.....           | 1  |
| 2. Rúbrica .....                          | 3  |
| 3. Exemplos de comentarios de texto ..... | 4  |
| 3.1. Exemplo 1 (simulado).....            | 4  |
| 3.2. Exemplo 2 (simulado).....            | 5  |
| 3.3. Exemplo 3 (de alumno/a real).....    | 7  |
| 3.4. Exemplo 3 (de alumno/a real).....    | 12 |

---

### 1. Estrutura do comentario

A realización dun comentario de texto filosófico esixe:

1) **Lectura comprensiva do texto:** debe tratar de facerse un análise CONCEPTUAL, centrándonos nas ideas, termos técnicos e elementos do pensamento do autor. Convén, mentres lemos, facer anotacións, subliñar, etc. Calquera mecanismo que nos permita despois apoiar a redacción é ben recibido.

2) **Encadre contextual:** Analizado conceptualmente o texto, cómpre encadralo no seu CONTEXTO.

Este contexto é triplo:

- a. **Autor** dentro da Historia da Filosofía
- b. **Obra** dentro da produción filosófica do autor
- c. **Fragmento** do comentario dentro da obra

O encadre contextual é a primeira parte que redactaremos, é o contido co cal abrimos o comentario.

Por exemplo:

“[...] o texto proposto pertence a Kant, autor que se sitúa a finais da Ilustración. En particular, pertence á “Estética Transcendental”, primeira parte da súa obra *Crítica da Razón Pura*, onde Kant aborda o problema do coñecemento.”

3) **Determinación do tema fundamental do texto:** isto crea a sensación de dominio e capacidade de síntese que buscamos provocar no lector. Demostra que sabemos claramente por onde vai o texto e que somos capaces de expresalo dunha forma concisa. Intentamos tamén ser explicativos, é dicir, recoller o matiz que o autor está dando á temática. Por exemplo:

“[ENCADRE CONTEXTUAL]. Aquí Platón aborda o problema das relacións entre mundo **sensible** e mundo **intelixible** á luz da súa **teoría das ideas** e establece *a prioridade ontolóxica deste último*. ” [fixémonos como a *cursiva* recolle o matiz, non nos quedamos simplemente coa descrición básica]. [fixémonos tamén nos termos técnicos en **negriña**. Danlle rigor a esta parte e profundidade].

Como vemos, escribímolos directamente a continuación do encadre contextual, no mesmo parágrafo.

ATA AQUÍ temos completado un primeiro parágrafo do comentario e temos logrado situar o texto nos seus distintos niveis e determinada a temática principal. Aínda non comezamos coa análise conceptual, pero temos os fundamentos para facela.

**4) Procura do tema:** xa sabemos o tema que aborda o texto. Agora, nun novo parágrafo ou en varios, tiraremos do fío do mesmo ao longo da Historia da Filosofía. É dicir, buscaremos os precedentes, outros autores que falaren do mesmo tema antes que o autor do texto, e brevemente mencionaremos as súas aportacións fundamentais ao respecto poñéndoo en relación co noso autor. Por exemplo:

“O problema do coñecemento sensible que Hume aborda neste fragmento presenta importantes precedentes ao longo da Historia da Filosofía. En particular, ten habido dúas grandes tendencias: aquela que nega a validez epistemolóxica dos sentidos e aquela que a afirma. Así, no pensamento presocrático, especialmente nos primeiros pensadores, nos físicos e tamén en Heráclito, o coñecemento sensible é defendido como unha fonte válida de achegamento ao real, se ben xa en Heráclito atopamos a emerxencia do logos ou razón como elemento superador dos sentidos. Será Parménides quen propoña un forte xiro de timón e pase a considerar o coñecemento sensible como falaz e fonte de erro. Este pensador propoñía dúas vías de achegamento á verdade: a do ser, vinculada á razón, e a do non ser, vinculada aos sentidos. Este desprestixio é continuado por Platón, cuxo sistema dualista xerarquiza o suprasensible por enriba do sensible e, deste xeito, privilexia o coñecemento intelectual, polo que falamos dun sistema idealista. Tras Platón, Aristóteles volta a un certo empirismo de base. Rexeitando a teoría das ideas do seu mestre, racha co dualismo: só existe un mundo, e o noso coñecemento do mesmo comeza pola percepción sensible. [...] E así é como chegamos á proposta de Hume, que recolle os problemas previos pero pretende propoñer unha nova solución dentro do paradigma empirista.”

Nesta parte non debemos escatimar esforzos. Mediante ela exhibimos un forte dominio conceptual e facemos gala de visión global do conxunto da historia do pensamento.

Con esta parte, por así dicilo, chegamos ao texto, alcanzámolo dende o fío da Historia da Filosofía e temos centrados todos os precedentes para comezar coa súa análise.

- 5) **Análise conceptual:** trátase da parte central do comentario. Xa sabemos onde se encadra o texto e a que problema histórico se está a enfrontar o autor. Agora debemos examinar a súa solución particular. Para isto é moi importante o enfoque CONCEPTUAL, que o lector perciba que manexas os conceptos do autor, os interrelacionas e os “rompes”, que es capaz de agotalos no seu significado e en todas as súas implicacións.
- 6) **Repercusións e conclusión:** para pechar o comentario, debemos de elaborar unha conclusión que enfatice o carácter singular das ideas atopadas no texto e a súa importancia para a Historia da Filosofía. Para isto último, mencionamos de que xeito e en quen influíu o pensamento do autor que vimos de analizar. Por exemplo:

“En suma, o pensamento de Platón acerca da constitución da realidade aquí exposto inaugura a doutrina idealista. Coa súa división de todo o que existe en dous mundos e a primacía que lle concede ao eidético, o idealismo aséntase como unha posición fundamental na historia do pensamento. Será rexeitado por Aristóteles, quen, baixo unha proposta de corte máis empirista, volva a mirada cara ao sensible. Por outra banda, o pensamento platónico será recuperado polo Neoplatonismo, no marco da filosofía helenística, e a través desta corrente, por Santo Agostiño, dentro xa do pensamento medieval. O estatuto ontolóxico das ideas, sen embargo, sufrirá un cambio na Modernidade, xa que con Descartes, estas convértense en parte integrante do suxeito de coñecemento, e con Hume, en elementos derivados das sensacións. [...]”

## 2. Rúbrica

- Rúbrica para a avaliación dos comentarios de texto (válida para os comentarios da proba escrita e para os propostos na aula):

| Ap. | CRITERIO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | % total |
|-----|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|
| 2   | a. Contextualiza correctamente e coa profundidade suficiente ao autor dentro dunha época. Non se queda nunha aproximación xenérica.                                                                                                                                                                                         | 5       |
|     | b. Contextualiza a obra dentro da produción filosófica do autor, determina a súa temática principal e, se procede, sitúa o fragmento en dita obra                                                                                                                                                                           | 5       |
| 3   | a. Determina con precisión o tema fundamental do texto. Non se queda simplemente nunha mención xeral, senón que referencia o enfoque concreto do autor. Emprega para isto termos técnicos e verbos significativos e ricos semánticamente.                                                                                   | 10      |
| 4   | a. Menciona os principais precedentes filosóficos da problemática abordada no texto. Non fai consideración xerais, senón que referencia concretamente posicións que é quen de detallar. Relaciona estes precedentes co texto obxecto de comentario mediante referencias directas ou indirectas ao contido literal do mesmo. | 10      |

|   |                                                                                                                                                                                          |    |
|---|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 5 | a. É exhaustivo na análise, é decir, aborda tódolos conceptos pertinentes do texto                                                                                                       | 15 |
|   | b. É profundo na análise: tódolos conceptos abordados son susceptibles de análise minuciosa. Non se limita a mencionar ou describir someramente.                                         | 15 |
|   | c. Interrelaciona axeitadamente os conceptos do autor entre si, mesmo facendo referencia a outras obras concretas.                                                                       | 10 |
|   | d. Contrasta os conceptos que está analizando cos precedentes históricos, particularmente cos mencionados no apartado 4.                                                                 | 10 |
| 6 | Proxecta os resultados do seu análise en autores e correntes futuras e, ademáis, menciona dentro dos autores as teorías e elementos afectados. Non se limita a consideracións xenéricas. | 5  |
| 7 | O comentario presenta unha redacción correcta, coherente, cohesionada e adecuada. Presenta ademais variabilidade léxica e redacción elaborada.                                           | 15 |

### 3. Exemplos de comentarios de texto

#### 3.1. Exemplo 1 (simulado)

Exemplo dun comentario de NIVEL MOI BAIXO (nota aproximada de 2) ao texto: ARISTÓTELES, Política, I, cap. II (trad. de J. J Moralejo Álvarez) [simulado polo profesor]:

De todo iso resulta que a cidade é das realidades naturais e que o home é un animal social (zôon politikón), e que o asocial por natureza e non por acaso ou é inferior ou superior ó home, como o censurado por Homero como “home sen tribo, sen leis, sen fogar”, pois quen é tal por natureza tamén é desexoso de guerra, por ser como unha peza solta no xogo das damas. Por que o home é animal social en maior medida que a abella ou calquera animal gregario é cousa evidente: a natureza, como dicimos, nada fai en van, o home é o único dos animais que ten a palabra (lógos). Pois ben, a voz é signo do doloroso e do pracenteiro e por iso está presente tamén nos outros animais, xa que a súa natureza chega ata ter percepcións do doloroso e do pracenteiro, e a que as signifiquen os uns ós outros. Pero a palabra é para expresar o conveniente e o danoso, así como o xusto e o inxusto, porque é propio dos homes fronte dos outros animais ser o único que ten percepción do ben e do mal, do xusto e do inxusto, e doutras cousas. A comunidade en todo iso fai a familia e a cidade.

Comentario:

Este fragmento pertence a Aristóteles, filósofo grego. Pertence á súa obra Política. O tema principal é a sociabilidade.

Para Aristóteles o ser humano é social por natureza, é decir, polo feito de ser humano, é social. Para Aristóteles isto é así porque o home ten palabra. Ao poder falar, está naturalmente dotado para comunicarse cos demais, polo que deduce o autor que está naturalmente preparado para a socialización. Fronte aos animais, que só empregan os signos para dar conta do pracer e da dor, o ser humano

emprega a linguaxe para significar cousas. É por iso que, aínda que existan animais gregarios, como as abellas, éstas son sociais en menor medida que o home.

Ademáis, Aristóteles di que só o ser humano ten o concepto do que é xusto ou inxusto, a diferenza dos animais, que non o teñen. Ao carecer del, non forman comunidades como as humanas. Os humanos forman familias e cidades onde rexe o que é xusto ou inxusto. O autor afirma así que sen comunidade, non pode haber seres humanos, xa que fora do social non hai homes: “o asocial por natureza e non por acaso ou é inferior ou superior ó home”.

En conclusión, ao longo da historia o problema da sociabilidade foi moi importante. Para Aristóteles trátase dun feito natural. Non será así para Hume e Locke, por exemplo, nin para Kant, xa na Ilustración. Máis preto do pensamento Aristotélico situárase Rousseau e mesmo Marx. Nietzsche, pola súa banda volverá a rexeitar os planteamentos Aristotélicos reivindicando a natureza individualista do ser humano.

- ¿En qué deficiencias está incurrindo o autor do comentario?

### 3.2. Exemplo 2 (simulado)

Exemplo dun comentario de NIVEL MEDIO (nota aproximada de 5.5) ao texto: ARISTÓTELES, *Política*, I, cap. II (trad. de J. J Moralejo Álvarez) [simulado polo profesor]:

Comentario:

O texto proposto pertence á produción filosófica de Aristóteles, pensador grego do século IV a.C.. En particular sitúase dentro da *Política*, no libro I. A temática que o autor aborda aquí é a da sociabilidade por natureza do ser humano, de xeito que se reflicte unha postura teleolóxica e naturalista ao respecto. A problemática política aquí abordada, a saber, se o espazo social constitúese ou non por natureza, conta con importantes precedentes dentro do pensamento grego. En primeiro lugar, dentro do pensamento sofista, plantexase a cuestión por primeira vez. Os sofistas conclúen que a norma social e a lei é un elemento convencional e, por tanto, rexetábase. En consecuencia, reclaman o individual como o verdadeiramente natural. En polémica coa postura sofista, Sócrates asume o marco da polis como o único posible para o ser humano e a filosofía e, na mesma liña, Platón reivindica a necesidade da comunidade equilibrada para a existencia de xustiza e de cidadáns bos. Este último, sen embargo, non plantexa de xeito tan explícito como Aristóteles fai neste texto o problema da sociabilidade por natureza.

O pensamento aristotélico que se reflicte no fragmento proposto enmárcase dentro da súa concepción teleolóxica, segundo a cal, todo tende por natureza a un fin. Neste sentido, Aristóteles comprométese coa sociabilidade natural do home xa dende a primeira liña, cando o define como animal social ("zôon politikón"). Como todo o acto da natureza debe xustificarse en torno ao fin ao que serve, así ocorre co acto da fala, que para o autor apunta e refrenda o carácter sociable do ser humano. O logos, identificado na tradición grega coa razón e a capacidade de expresar a razón, é dicir, falar, e o elemento distintivo do home. Trátase da propiedade que delimita a esencia do humano como animal racional. Este poder só se xustifica se é preciso usalo con outros humanos, de xeito que coas palabras, signifiquemos cousas uns aos outros. E estes significados, como se observa, van máis aló de ser signos de dor ou pracer, signos que Aristóteles identifica cos animais. Son signos de elementos morais e éticos, de elementos vinculados á convivencia como o xusto e o inxusto ou o ben. É aquí onde o autor marca unha clara fenda entre ser humano e resto de animais, incapaces deste tipo de expresións.

Así, dado que esta capacidade expresiva é exclusiva do ser humano, e que só pode materializarse en comunidade, ocorre que para que o ser humano chegue a desenvolver as súas potencialidades, é preciso a existencia de comunidade. Neste sentido e no que podemos dicir que a comunidade é anterior ao individuo: non cronoloxicamente anterior, pero s ontoloxicamente, isto é, debemos supoñela para que o humano como tal poida existir en plenas capacidade.

En suma, o problema da sociabilidade que acabamos de abordar en relación ao pensamento de Aristóteles foi tratado de novo en diversas ocasións ao longo da Historia da Filosofía. Particularmente, xurde con forza na Modernidade da man de pensadores como Locke, que retoman o convencionalismo contrario ás teses aristotélicas. Rousseau, pola súa banda, establecerá un contractualismo (a sociedade nace dun contrato entre os seus integrantes) que terá forte impacto na Ilustración e que atopará eco nos movementos políticos do século XVIII.

### 3.3. Exemplo 3 (de alumno/a real)

Exemplo dun comentario de NIVEL MEDIO-ALTO (nota de 7) ao texto seguinte: [alumno/a real]:

O resultado xeral que obtiven e que, unha vez conseguido, serviu de fío condutor aos meus estudos, pode ser así sucintamente formulado: na produción social da súa vida entran os homes en determinadas relacións, necesarias, independentes da súa vontade, relacións de produción que corresponden a un determinado nivel de desenvolvemento das súas forzas produtivas materiais. A totalidade destas relacións de produción forma a estrutura económica da sociedade, a base real sobre a cal se ergue unha superestrutura xurídica e política, e á cal corresponden determinadas formas da consciencia social. O modo de produción da vida material condiciona o proceso da vida social, política e espiritual. Non é a consciencia dos homes a que determina o seu ser, senón ao contrario, é o seu ser social o que determina a súa consciencia. Nunha certa etapa do seu desenvolvemento, as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas relacións de produción existentes ou, o que é só unha expresión xurídica disto, coas relacións de propiedade no seo das cales se tiñan ata aí movido. De formas de desenvolvemento das forzas produtivas, estas relacións convértense en ataduras das mesmas. Sobrevén así unha época de revolución social.

#### K. MARX; *Para a crítica da economía política* (1859), Prólogo

Comentario:

O texto proposto pertence á produción filosófica de Karl Marx, pensador alemá do século XIX que sitúa o seu pensamento no paradigma do materialismo histórico. En particular sitúase na obra "*Para a crítica da economía política*", na que analiza o capitalismo a través da crítica das teorías económicas dos economistas clásicos ingleses, como Adam Smith ou David Ricardo.

Os economistas ingleses aos que Marx critica as súas teorías na obra á que pertence este texto, crían ver leis económicas inmutables e independentes do momento histórico, as cales expoñían cun énfase de obxectividade. Marx non estaba de acordo con eles, xa que consideraba que esas leis non eran universais e obxectivas, senón que dependían da época histórica. Ademais, Marx consideraba que a política económica dos economistas ingleses era extremadamente abstracta e formal, de forma que o ser humano deixaba de ser o elemento principal, o que para Marx era asumido como un gran erro, xa que este autor seguía a liña humanista propia do materialismo histórico.

O materialismo é un paradigma ao que se adscribiron diversos autores ao longo da historia da filosofía. É una doutrina que privilexia o aspecto material e práctico fronte ao aspecto ideal, polo que ten un enfoque humanista que Marx adopta. En certo modo, o concepto de alienación de Ludwig Feuerbach, un filósofo coetáneo a Marx, é unha consecuencia deste materialismo. Ao poñer o foco no ser humano, este filósofo observou que a relixión é un mero produto humano, xa que Deus surxe de crear un ser que reúne todas as cualidades que os humanos non posúen, pero que desexarían ter. O proceso polo cal se abstraen todas as cualidades e se acumulan nun ser alleo ao ser humano ante o que arrodillarse, é o

que Feuerbach denomina alienación relixiosa. Este concepto non está mencionado de forma explícita no texto, pero é fundamental para a produción filosófica de Marx, xa que a mesma reflexión acerca de que o ser humano debe poñerse no lugar do Deus ao que adora, pero que creou, e centrarse en si mesmo é compartida polos dous autores. O feito de que o home comece a ter tanto protagonismo na historia provoca que os autores tamén comecen a reflexionar sobre o éxodo ás cidades que realizan os labregos en busca de emprego, e en cómo estes individuos deberían organizarse idealmente. O socialismo utópico francés é un bo exemplo disto, xa que mostra cómo serían as sociedades ideal e racionalmente organizadas e preocupadas polo desenvolvemento humano, aínda que é criticado por Marx por tratarse de teorías con moi poucas posibilidades de ser aplicadas.

O contexto histórico da primeira metade do século XIX é fundamental para o desenvolvemento que realiza Marx do seu pensamento. A Revolución Industrial que se produciu en Inglaterra, Alemaña e Francia, países nos que Marx estivo, provocou un cambio demográfico que consistiu no éxodo dos labregos ás cidades. Estes agrupáronse nunha nova clase social moi numerosa, o proletariado, que se enfrontaba a unhas condicións de vida e de traballo moi duras, particularmente nas fábricas. En contraposición coas condicións de vida e laborais dos proletarios, que conformaban a forza de traballo, situábase outra clase social, a burguesía, que se conformaba polos individuos que posuían os medios de produción como as fábricas, as máquinas e os cartos necesarios. Toda esta situación provocou a crítica de Marx ao idealismo, a doutrina contraria ao materialismo que priorizaba o ideal e trataba pexorativamente o material, xa que os proletarios que sufrían e o desenvolvemento do ser humano é producido na parte material. A pesar desta crítica, o idealista Hegel tivo unha gran influencia en Marx. Para Hegel a razón, pertencente ao mundo ideal, derivase na realidade a través do tempo, e como consecuencia, o mundo derivado é racional. Este autor analizou o desenvolvemento da razón e estableceu tres momentos sucesivos: a afirmación, que consistía na realidade ou postura que surxe; a negación, que é a realidade que surxe en contra da afirmación precedente, é dicir, a postura contraria; e a superación, que é unha realidade ou postura que ten en conta as dúas anteriores, formando unha nova afirmación coa que o proceso de desenvolvemento da razón continúa. Estes tres momentos serán adoptados por Marx, quen os denominará tese, antítese e síntese. O ciclo que Hegel establece do desenvolvemento da razón foi analizado tras a súa morte, xerando dúas posturas: a dereita hegeliana que consideraba que o terceiro momento era a superación definitiva, o óptimo, polo que non se debían realizar modificacións; e a esquerda hegeliana á que Marx era afín, que asumía que os tres movementos conformaban un ciclo constante.

A pesar da influencia hegeliana, Marx adscribiuse ao paradigma oposto a Hegel, o materialismo histórico, realizando un cambio de paradigma a un máis humanista, co que rexeitaba a filosofía especulativa, mostrando unha gran pretensión por ser quen de transformar a realidade a través da súa

producción filosófica. Neste texto obsérvase claramente unha das características propias dos autores adscritos ao materialismo histórico como Marx, a actitude científica, a pretensión de ser un científico da sociedade e descubrir cales son as leis de desenvolvemento da sociedade analizando a súa produción, o que lle aporta a capacidade de determinar as transicións entre os modelos de sociedades e de produción ao longo da historia, para posteriormente intervir nela e cambiala. Por iso emprega un ton obxectivo, como se estivese a falar dun proxecto científico cando menciona os “estudos” que fixo ou “o resultado xeral” que obtivo e que “pode ser así sucintamente formulado”.

Dado o paradigma materialista e humanista no que se sitúa Marx, que sitúa ao home como protagonista da historia, este autor analiza como é o ser humano e determina que é un individuo que trata de realizarse no seu traballo. Para Marx, a definición do concepto de traballo está estreitamente vinculada á transformación da realidade. Este filósofo distingue dous tipos de traballo: o traballo bo que consiste no esforzo empregado para un proxecto que posteriormente disfrutará un mesmo, e o traballo malo que consiste en realizar un esforzo para transformar algo que non poderá ser disfrutado polo traballador, xa que o resultado do seu traballo será arrebatado e recibirá un salario a cambio.

Para Marx, o home é esencialmente traballador e en cada produto que realiza pon parte do seu ser, do seu tempo e do seu esforzo, polo que analizando a produción podemos determinar o panorama histórico, social e cultural ao que pertence, xa que terá elementos propios dos individuos que o produciron. De ahí a importancia do traballo na concepción materialista: este permite establecer a importancia dos outros elementos que determinantes nas relacións de produción, o cal está estreitamente relacionado coa actitude científica tratada anteriormente. Por iso, dende esta perspectiva materialista que observa a produción como un elemento condicionante de todo o demais, o control da forma de traballar significará o control de todo o demais. O concepto de produción aparece mencionado de forma explícita no texto por ser fundamental para o pensamento de Marx. Para Marx, o panorama social está formado por unha infraestrutura económica que constitue a base material da sociedade e integra as forzas productivas e as relacións de produción, que son mencionadas no texto. A outra parte do “dualismo” que establece Marx é a superestrutura, que tamén menciona no texto, formada polos produtos culturais, a filosofía e as ideas entre outros, que según este autor están condicionados pola infraestrutura, xa que son elementos xerados a partir dela. Así, Marx establece a relación de dependencia entre a parte material e a parte intanxible como unha relación na que a intanxible depende da primeira. Así, afirma que non é o que se pensa o que condiciona o que se produce, senón ao contrario, a produción condiciona o pensamento, polo que a pretensión dos filósofos precedentes de calificar ao ser humano de racional porque o que pensa é o que executa non pode darse. Por isto Marx é considerado un filósofo da sospeita. Pero este autor afonda aínda máis e tamén establece a superestrutura como lexitimadora da infraestrutura, é dicir, que todas as ideas dunha sociedade determinada tenderán a lexitimar o modo de

producción implantado nesa sociedade. Esta afirmación contén un forte compoñente crítico, xa que deixa en evidencia que todos os produtos culturais dunha sociedades están condicionados por intereses e bases materiais, polo que non son inocentes. Marx observa que ao longo da historia se produce unha evolución das diferentes formas de producir, e que cos cambios destas tamén cambiaron as sociedades, mais o pensamento marxista detecta unha constante que é que en todas as sociedades había dúas clases, una que posuía os medios de produción e polo tanto tiña un papel preponderante, e outra que non os posuía, polo que tiña un papel menos predominante. Este patrón pódese observar no modo de produción primitivo, no escravista, no feudal e no capitalista. O enfrontamento entre ditas clases denomínase loita de clases.

Según Marx, a situación da loita de clases non finalizará ata que os subordinados sexan conscientes do abuso que reciben e da opresión que sufren. Cando isto ocorra darase unha situación de conciencia de clase, na que finalmente se comprenderá que hai dúas clases enfrontadas e que os subordinados son os débiles e deben cambiar a situación a través dunha revolución, quitándolle as máquinas a quen as teñen.

Un ser humano dos que teñen un papel menos predominante fai produtos, e polo tanto, engádelle cualidades propias dun mesmo, creando un produto final, que aínda que é alleo á persoa, contén elementos da mesma. Este proceso convértese nunha problemática cando o produto lle é arrebatado ao individuo ou se pon na súa contra, xa que as cualidades que proxectou no produto non retornan a el, é dicir, o traballador queda apartado, alienado. Este suceso denomínase alienación. A alienación é un concepto que Feuerbach tratou afondando na relaxión, como se expuxo anteriormente, e no que Marx se basea fundamentalmente para escribir este texto, mais el analizou a alienación nos ámbito socio-político, no económico e no ideolóxico: A alienación socio-política dase cando o individuo pon o seu esforzo ao servizo da sociedade e recibe como resposta un abuso que é lexitimado pola ideoloxía, o que implica que non atopa unha acollida positiva, senón un inimigo; a alienación económica prodúcese cando os individuos que non posúen os medios de produción traballan para o propio sistema que os oprime, reforzándoo como consecuencia; e a alienación ideolóxica prodúcese cando os seres humanos que están subordinados aos propietarios dos medios de produción toman como propias as ideas que reforzan o papel dos propietarios, é dicir, asumen as ideas que lexitiman o abuso que recibe.

Esta alienación según Marx prodúcese porque no capitalismo os propietarios dos medios de produción, os burgueses, teñen a explotación como finalidade, é dicir, buscan invertir os cartos que teñen acumulados de forma que xeren máis, é dicir, que consigan unha plusvalía. O proceso que siguen para lograr isto é a compra de mercadorías que se transformarán noutra mercadoría que teña máis valor a través dun proceso que realizará un obreiro, un proletario. Este ciclo dará ao propietario máis cartos,

porque xera unha plusvalía. O proletario volverá a invertir, creando un ciclo que producirá un aumento progresivo e contínuo do seu capital. Sen embargo, este proceso só resulta beneficioso para o propietario; os proletarios que conforman a man de obra e son quen transforman un obxecto que non é seu para xerar outro, que tampouco será seu a cambio dun salario mínimo están a realizar un traballo co que non se senten realizados, un traballo malo según Marx, un traballo alienante. O motivo polo que os traballadores non poden cambiar esta situación de traballo é porque o necesitan para sobrevivir, todas as masas de persoas que traballaban no campo e se desplazaron ás cidades buscando unhas mellores condicións de vida precisan un emprego e non lles queda outra saída que non sexa traballar para o burgués. Desta forma, obsérvase a alienación producida polo capitalismo: os proletarios están traballando para un sistema que os oprime, e refórzano. Mais, como todo modo de produción que houbo ao longo da historia, Marx considera que o capitalista tamén comeza a contradicirse a si mesmo, é dicir, creará as “ataduras” que menciona Marx no texto, cando canto máis se explote aos empregados obreiros, maior será a posibilidade de que estes se rebelen, que según este filósofo ocurrirá cando tomen conciencia de clase. Unha vez nesa situación, según Marx, producirase unha revolución, que Marx menciona no final do texto, que establecerá un modo de produción socialista no que non existirá loita de clases, xa que todos os individuos posuirán os medios de produción e compartiranos. Este sistema é o resultado do proxecto marxista que plantexa o autor do texto como solución á deshumanización e infelicidade que se produce co traballo malo do capitalismo.

O pensamento de Marx ten unha gran repercusión en todo o pensamento posterior: ten repercusións teóricas que reflexan o seu enfoque humanista e que producen un gran influxo do humanismo nos séculos XIX e XX. Estas repercusións danse na Escola de Marburgo e na austromarxista, que consideran que Marx só analiza estritamente ao individuo dentro dunha organización comunitaria, pero non ao individuo por si mesmo, polo que estes autores tratan de recuperar da vertente kantiana os conceptos de individuo e de vontade moral. Na Escola de Frankfurt tamén terá influencia o pensamento de Marx, xa que os seus autores consiederan que hai que ter unha visión materialista e que todas as teorías filosóficas ata o seu presente non eran conscientes de que eran condicionados polo sistema económico no que estaban, polo que estes autores tratan de reflexar que as teorías están sueitas a unha base socio-histórica e que este condicionamento non debe de ser ignorado. Ademais, teñen unha actitude de denuncia, xa que comparten o anhelos de Marx de transformar o mundo dende a súa condición de filósofos.

Ademais, terá unha clara influencia no marxismo europeo do século XIX e de principios do XX, que tratará de recuperar a dimensión filosófica do marxismo sen Hengel, é dicir, sen aspectos técnicos, centrándose unicamente na dimensión humanista, considerando o socialismo como unha nova versión do humanismo; e reflexará a necesidade de rematar co sistema capitalista para atopar un mundo no que o ser humano poida prestarse atención a si mesmo.

O pensamento de Marx tamén será o principal fundamento de diversos acontecementos históricos do século XX como a Revolución Rusa, na que se atopa a personaxe de Lenin, que foi un gran teórico do marxismo e líder da revolución nomeada anteriormente; a revolución cubana, e o proceso político que se dará en Chile. Así, o desexo de Marx de transformar o mundo a través da filosofía viuse finalmente realizado nunha aplicación práctica do seu pensamento en moitos procesos políticos e sociais fundamentais do século XX.

- Este texto ten 2 erros principais: (1) non formula de xeito explícito e conciso o tema onde corresponde e (2) ten unha acusada tendencia a fuxir do texto cara a teoría. Isto último é o que lle conlevou a maior parte da penalización.

### 3.4. Exemplo 3 (de alumno/a real)

Exemplo dun comentario de NIVEL ALTO (nota de 9.5) ao mesmo texto que o anterior: [alumno/a real]:

Comentario:

O texto proposto pertence á produción filosófica de Marx, pensador alemán do século XIX e considerado unha das figuras máis influentes na historia da humanidade. Encádrase na obra titulada *Para a crítica da economía política*, publicada no ano 1859. Concretamente, o fragmento proposto pertence ao Prólogo. Nesta obra, Marx critica aos economistas ingleses (David Ricardo, Adam Smith e Malthus), cuxas leis económicas eran independentes do momento histórico que se estaba a vivir e, polo tanto, non se sustentaban. O tema aquí abordado polo autor é como a superestrutura derivada das estruturas económicas dunha sociedade se volve na súa contra levándoa ao colapso.

Marx desenvolve a súa actividade filosófica a partir de 1840 nun panorama social marcado polo auxe do industrialismo, o avance da Revolución Industrial Inglesa e a súa proxección en Alemaña e Francia. Isto supuxo, por un lado, un cambio na demografía, xa que unha gran cantidade de campesiños desprazáronse ás cidades. Ao mesmo tempo, estes convertéronse nunha nova clase social moi numerosa, denominada proletariado, a clase traballadora. O proletariado tivo que enfrontarse a condicións moi duras de traballo nas fábricas. Por outro lado, tamén levou consigo o maquinismo, é dicir, a introdución de maquinaria e a sistematización dos medios de produción para reducir custos e aumentar a produción. Non entanto, estas máquinas influíron negativamente nas condicións de traballo dos obreiros. Este clima xerou unha marcada división de clases: o proletariado (persoas que veñen do campo e que non posúen máis que a súa forza de traballo) e a burguesía (clase enriquecida que posúe os medios de produción). Esta burguesía enriqueceuse cada vez máis, pero non inverteu en mellorar as condición de vida do

proletariado. Como consecuencia do aumento da produción, mulleres e nenos tiveron que incorporarse ao proceso produtivo, polo que a clase empresarial enriqueceuse mentres que a clase traballadora se empobreceu.

Marx supón unha ruptura coa filosofía anterior posto que este autor se move dentro do paradigma do materialismo histórico fronte ao idealismo, corrente dominante no pensamento filosófico ata ese momento. O idealismo dividía a realidade en mundo intelixible e mundo sensible, priorizando o primeiro e derivando deste o mundo sensible. Marx critica os sistemas idealistas porque neles o mundo material carece de importancia, mentres que para o filósofo alemán é o fundamental, xa que o que condiciona a historia da humanidade non é o mundo ideal (razón, espírito, idea) senón as relacións económicas de produción, a forma de interacción do home con respecto ao material, a natureza e o sensible, é dicir, o modo de produción da vida material. Con isto, Marx estalle dando a volta ao paradigma dualista tradicional, xa que agora será o mundo sensible o que se derive do material. Como un exemplo de idealista, atoparíamos a Hegel, o cal dividía o universo en razón (idea) e realidade ( cousas). Este filósofo daba máis importancia á razón , xa que esta se derivaba na realidade a través do tempo.

Outro filósofo que influíu a Marx é Saint-Simon, o cal fixo un análise sobre a evolución da historia. O pensador francés consideraba que a historia era un proceso de progreso continuo mediante a sucesión de etapas de dous tipos: épocas orgánicas e épocas críticas. As primeiras eran etapas de desenvolvemento, onde se desenvolve a sociedade e onde se crece. Non entanto, esas sociedades que están na época orgánica comezan a colapsar polo seu propio desenvolvemento, chegando así a unha época crítica (o sistema anterior e os seus principios entran en crise e colapsa a sociedade). Este colapso non é un fracaso, senón un punto par apoñer principios novos que articularán a seguinte época orgánica.

En segundo lugar atopamos a Feuerbach, o cal defendía que , o home en vez de alienarse, debía adorarse a si mesmo e non a Deus (creado polo ser humano). Abre así unha corrente denominada humanismo, que defende que hai que deixar de centrarse no ideal, no suprasensible e no divino e centrarse no home. O humanismo terá unha gran influencia en Marx, xa que o home e a súa maneira de relacionarse co mundo (producindo) se converterá no centro das súas reflexións filosóficas. Como último precedente do filósofo alemán e unha das máis notables neste texto, atopamos aos economistas ingleses (David Ricardo, Adam Smith e Malthus). Estes analizaban os sistemas económicos e intentaban deducir as leis que os gobernaban. Non entanto, estas leis recollían de forma descritiva como funcionan os sistemas económicos e non tiñan nin un enfoque histórico nin un enfoque crítico. Isto quere dicir que a sociedade que analizaban os economistas ingleses era unha sociedade concreta e as leis que establecían só eran aplicables para esa sociedade, é dicir, non eran universalmente aplicables nin eran a única posibilidade. Marx critica a estes economistas porque intentaban elevar ao estatuto de lei aquilo

que non era máis que unha descrición dun momento determinado. Esta influencia pódese percibir no título da obra á que pertence o fragmento (*"Para a crítica da economía política"*).

No texto proposto para comentar Marx comeza expresándose cun ton científico, como se el estivese estudando e sacando conclusión científicas. Aquí percíbese ese interese de Marx en considerarse un científico da sociedade, un socialista científico que emprega a ciencia para descubrir as leis que gobernan o desenvolvemento da sociedade para posteriormente intervir nela e modificala (*"O resultado xeral que obtiven e que, unha vez conseguido, serviu de fío condutor aos meus estudos, poder ser así sucintamente formulado"*). A continuación, Marx defende que o home entra en relación que son independentes da súa vontade (*"na produción social da súa vida entran os homes en determinadas relacións, necesarias, independentes da súa vontade, relación de produción"*). O feito de que esas relacións sexan independentes, amósanos que Marx é un filósofo da sospeita xunto con Freud e Nietzsche. O alemán considera que a realidade se explica por forzas que son subxacentes a ela, é dicir, que os elementos subxacentes (*"determinadas relacións"*) explican os elementos que son visibles. Posteriormente, o filósofo alemán fai énfase na importancia do materialismo (fronte ao idealismo previo) e da produción (maneira que ten o ser humano de relacionarse coa natureza, converténdose así un ser produtor). Isto apréciase cando se menciona no texto: *"relacións de produción [...] das súas forzas produtivas materiais"*. Nas seguintes liñas Marx, ademais de darlle nome a esas relacións materiais de produción (*"estructura económica da sociedade"*), asevera que esta é a base real que fai posible a superestrutura (relixión, literatura, filosofía, política, etc) tal e como menciona na seguinte frase do texto: *"A totalidade destas relacións de produción forma a estrutura económica da sociedade, a base real sobre a cal se ergue unha superestrutura xurídica e política"*. De seguido, o filósofo alemán afirma que tanto a vida social, como a política e a espiritual son derivados do modo de produción dunha sociedade, é dicir, o modo de producir dunha sociedade fará que esta teña unhas determinadas ideas políticas, relixiosas, literarias, filosóficas, etc. Tendo en conta isto, cabe salientar que se se quere cambiar a política, a sociedade, a relixión, a literatura, etc. habería que cambiar primeiro o modo de produción desa sociedade posto que isto é o que condiciona a superestrutura. Unha vez rematada a exposición destas ideas, Marx continúa facendo énfase na idea de que non é o pensamento humano o que determina os seus actos, senón totalmente

o contrario (*"Non é a consciencia dos homes a que determina o seu ser, senón ao contrario, é o seu ser social o que determina a súa consciencia"*). Deste modo, pérdese a imaxe do ser humano como un ser racional e cobra protagonismo a imaxe de ser humano como produtor (aspecto que permite considerar a Marx como un filósofo da sospeita). Nas liñas posteriores, o autor do texto asevera que calquera estrutura económica dunha sociedade, despois de ser creada e desenvolta, colapsa (*"Nunha certa etapa do seu desenvolvemento, as forzas produtivas materiais da sociedade entran en contradición coas*

relacións de produción existentes”). Ao colapsar esta estrutura económica, tamén o fai a superestrutura, xa que a súa subsistencia é paralela á da estrutura económica. Nas dúas últimas liñas do texto Marx afirma que aquilo que alimentou unha determinada estrutura económica, tamén o leva á súa propia contradición e, polo tanto, á súa decadencia (“De formas de desenvolvemento das forzas produtivas, estas relacións convértense en ataduras das mesmas”). Así, no capitalismo, o capitalista xerou toda a estrutura capitalista (sociedade, política, relixión, traballo, etc), pero despois converterase en escravo desas ideas porque non poderá frear ese sistema que fai aos ricos cada vez máis ricos e aos pobres cada vez máis pobres. Isto levará á caída do capitalismo debido a unha revolución por parte dos máis desfavorecidos (“Sobrevén así unha época de revolución social”).

As ideas humanistas marxistas influirán nos séculos XIX e XX na corrente do marxismo occidental, dentro da cal destacan tres escolas: a de Marburgo, a austromarxista e a de Frankfurt ademais do marxismo europeo. As dúas primeiras, aínda que principalmente a primeira, intentan fusionar a Marx con Kant. Como Marx, só fai referencia ao individuo dentro dunha colectividade, inténtase recuperar a vertente Kantiana na que o concepto individuo e a vontade individual teñen unha maior relevancia. A escola de Frankfurt fusiona o marxismo e a psicoanálise. Estes autores consideran que hai que ter unha visión materialista, é dicir , ter en conta os feitos sociais e rexeitar a visión contemplativa do ser humano.

En canto ao marxismo europeo, posterior a Marx, de finais do século XIX e principios do XX, este recupera a dimensión filosófica do marxismo, sen Hegel, xa que centrará principalmente na dimensión humana, de tal xeito que o socialismo debería ser un novo humanismo (similar ao Renacemento) no que se acabe co sistema capitalista para que o ser humano se preste atención a si mesmo e pase a un primeiro plano.

Por último o pensamento de Marx influíu nos acontecementos históricos do século XX, tales como a Revolución Rusa con Lenin (teórico do marxismo), a Revolución Cubana, a guerra de Vietnam, a guerra de Corea ou o proceso de Chile con Allende. Todos eles recollen o marxismo como fundamento. A filosofía de Marx tivo una aplicación práctica xa que unha gran parte do mundo é socialista ou alienada co socialismo e en moitos outros o marxismo dou lugar a movementos obreiros, sindicatos.

- Este texto ten 1 erro menor: non relaciona explicitamente as influencias co contido co texto, aínda que se aprecia tacitamente que están relacionadas.